

# vertixe 11



**Nove concertos e unha miríade de residencias artísticas, actividades e conferencias espalladas por Vigo, Pontevedra e Santiago de Compostela. Un outono cargado de músicas de vangarda. Comeza o Vertixe 11!**

**O vindeiro domingo** 8 de outubro de 2023 ás 18h. no Auditorio Martín Códax de Vigo terá lugar **Njangi**, o concerto inaugural do **Vertixe 11**. Unha coprodución internacional dirixida polo prestixioso **Mariano Chiachiarini** (Bos Aires, Arxentina, 1982) e comisariada por **Lukas Ligeti** (Viena, Austria, 1965), en colaboración con El Contemporáneo, Festival de Música de Canarias e os World Music Days da ISCM, que este ano celebran o centenario da International Society of Contemporary Music en Johannesburgo e Cidade do Cabo (Sudáfrica). A casa *Njangi* é o termo africano para designar unha antiga forma de partillar os recursos comunitarios despois da colleita como espazo radical de convivencia; lugar para comer e beber, un espazo de arte e unha plataforma discursiva. A casa *Njangi* procura comprender, negociar e abrollar novas formas de entendemento entre África e Europa, entendendo a práctica artística como un exercicio que constrúe convivencia. A través da música de **Ahmed Essyad** (Sale, Marrocos, 1938), **Monthati Masebe** (Johanesburgo, Sudáfrica, 1995), **Ayo Oluranti** (Ibadan, Nixeria, 1972), **Daniel Roca** (As Palmas de Gran Canaria, España, 1965), Njangi aposta por un achegamento á música do continente africano no limiar que antecedente ás nocións de occidental e non occidental. Aproximación, irmandamento, afondamento de lazos de acollida... e, no ar, a impresión de que as cousas poderían ter sido doutro xeito. Encabeza o programa o vibrante dúo para trompeta e percusión *Tangle*, de **Lukas Ligeti**, auténtico animador dunha iniciativa en cuxo corazón parece latexar a súa propia traxectoria artística e vital.

Malí, agosto de 2020. Os militares toman o poder, expulsan as tropas francesas e piden a Putin o despregue de mercenarios do Grupo Wagner. Así da inicio un ciclo de asonadas que terá continuidade en Chad (abril de 2021), Guinea (setembro de 2021), Burkina Faso (setembro de 2022), Níxer (xullo de 2023) e Gabó (agosto de 2023) e que provocou unha situación de inestabilidade en Senegal e outros países da contorna. A Françafrique desmorónase. África central e occidental prefiren mirar cara a Moscova, moi hábil incorporando novas áreas de influencia, e a Pequín, que verteu millóns de yuans ao continente no que conformou a construción da *Nova Ruta da Seda*. A saída da COVID presenta inesperadas bifurcacións no nacente mundo multipolar e, coa guerra de Ucraína como fondo

insuportable, o novo colonialismo ruso e chinés substitúe ao vello neocolonialismo francés. África no centro da Historia. África no foco. África...

Vigo, Auditorio Martín Códax. 8 de outubro de 2023 ás 18h. Son, unha coprodución internacional dirixida polo prestixioso **Mariano Chiachiarini** (Bos Aires, Arxentina, 1982) e comisariada por **Lukas Ligeti** (Viena, Austria, 1965), en colaboración con El Contemporáneo, Festival de Música de Canarias e os World Music Days da ISCM, que este ano celebran o centenario da International Society of Contemporary Music en Johannesburgo e Cidade do Cabo (Sudáfrica). Dous anos de traballo que se materializarán en **NJANGI**. Estamos en África. A casa *Njangi* é o termo africano para designar unha antiga forma de partillar os recursos comunitarios despois da colleita como espazo radical de convivencia; lugar para comer e beber, un espazo de arte e unha plataforma discursiva. A casa *Njangi* procura comprender, negociar e abrollar novas formas de entendemento entre África e Europa, entendendo a práctica artística como un exercicio que constrúe convivencia. A través da música de **Ahmed Essyad** (Sale, Marrocos, 1938), **Monthati Masebe** (Johanesburgo, Sudáfrica, 1995), **Ayo Oluranti** (Ibadan, Nixeria, 1972), **Daniel Roca** (As Palmas de Gran Canaria, España, 1965) e **Ramón Souto** (Vigo, España, 1976), *Njangi* aposta por un achegamento á música do continente africano no limiar que antecede ás nocións de occidental e non occidental. Aproximación, irmandamento, afondamento de lazos de acollida... e, no ar, a impresión de que as cousas poderían ter sido doutro xeito. Encabeza o programa o vibrante dúo para trompeta e percusión *Tangle*, de **Lukas Ligeti**, auténtico animador dunha iniciativa en cuxo corazón parece latexar a súa propia traxectoria artística e vital.

Continuamos con **CORROSION RESISTANCE**, o sábado 14 ás 20h, no **MARCO de Vigo**. Unha sesión de hardcore sonoro e brutalidade ruidista. A forma máis común de protexer un elemento da corrosión é aillando a súa superficie para que non entre en contacto con substancias que a poidan degradar. O saxofonista **Pablo Coello** someteranos a unha proba de presión sonora coa música de **Yann Robin** (Courbevoie, Francia, 1974), **Ferrer-Orozco** (1976, México DF) e **Víctor Ibarra** (1978, México DF). Decibelios e decibelios de corrosión auditiva.

**Domingo 22 outubro, ás 20h, IMPORT/EXPORT** no Auditorio Martín Códax. Estreas mundiais de **Alireza Shahabilmolkfard** (Austria-Irán, 1991), **Katharina Roth** (Austria-Alemaña, 1990), **Jorge Villoslada** (España, 1977), **Tobias Leibetseder** (Austria, 1973), **Jadwiga Frej** (Austria-Irán, 1997) e **Aleksandra Bajde** (Austria-Eslovenia, 1987). A segunda parte dun programa comisariado por **Jorge Elizondo** que nos achega experiencias multimedia da vangarda austríaca

enfaticando o uso de novos medios e da tecnoloxía, o teatro musical e as tradicións transdisciplinares (teatro musical, escultura, instalación sonora, arte multimedia e outros).

**Venres, 27 outubro, ás 20h no Auditorio Martín Códax en Vigo.** Por vez primeira no festival, un clásico da música contemporánea española. O mítico **PLURAL ENSEMBLE** dirixido por **Fabián Panisello** (Bos Aires, Arxentina, 1963). Unha agrupación con vinte anos de percorrido, que ten configurado o son contemporáneo no noso país. En **PLURAL** presentan as recentes estreas mundiais para ensemble a cargo de **Carolina Cerezo** (Málaga, 1993), **Félix Ibarondo** (Oñate, 1943) e os recentes gañadores da *Convocatoria para Jóvenes Compositores Plural Ensemble* **Josùè Blanco** (Es) e **Aarón Esteve** (España, 1997), darannos a coñecer a música da compositora e directora grega **Konstantia Gourzi** (Atenas, Grecia, 1962), e agasallarán a **Tomás Bretón** (1850-1923), no centenario da súa morte.

**Domingo, 29 outubro, ás 19h.** Trasladámonos a Santiago de Compostela, para presentar, en colaboración coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o Miso Music, o Warsaw Autumn Festival e a Ernst von Siemens Music Foundation, a recente ópera de **Miguel Azguime**, interpretada polo Sond'ar-te Electronic Ensemble e dirixida polo mestre portugués **Pedro Neves**, **UN RISO PARA CHORAR**. Será no **Andar-1 do Museo Centro Gaias**. **Miguel Azguime** (Lisboa, Portugal, 1960), o grande amigo portugués de Enrique X. Macías (1958 -1995), garante do seu legado e da nosa educación sentimental, presenta un teatro metafísico, unha reflexión sobre o poder hexemónico de destrución da memoria, de devastación da Terra e o colapso da propia humanidade. Un proxecto de A NEW OP-ERA project (unha nova era para ópera), con Miso Music Portugal, Sond'Ar-te Electric Ensemble e Vertixe Sonora.

Tres concertos como remate final do festival. O **sábado 11 de novembro, ás 18h**, no **Auditorio Martín Códax** de Vigo, continuaremos a reflexión arredor da itinerancia iniciada en Cardinais coa estrea mundial de **Sina Fallahzadeh** (Teherán, Irán 1981) en **EXILIOS**. O mesmo día, **domingo 12 de novembro, ás 13h** no **MARCO** de Vigo, e coincidindo coa celebración conmemorativa do Aniversario do Museo, **Edith Alonso** (Madrid, 1974) na electrónica, e **Elena Juárez** (Madrid. 1981) nas visuais, presentan **LIMINARIS**. Remataremos esta edición a seguinte semán, o **domingo 19 de novembro, ás 13h**, no mesmo espazo, con **Roberto Alonso**, violinista e un dos máximos instigadores a nivel internacional do uso de procesos de intelixencia artificial en contextos sonoros, que presentará a distopía cyberpunk, **ARCHON**.

**Verbas do Demiurgo.** Acompañarao un entorno de aprendizaxe automatizado, programado polo enxeñeiro, experto en intelixencia artificial e robótica, Marek Poliks e o propio violinista. Unha criatura viscosa e terrorífica que suplanta os instrumentos pola transferencia de estilo; a xeración de bibliotecas de mostras, a proliferación de patróns e o propio estudo por operacións de conformidade preparadas, na crenza de que a música do futuro terá como punto de partida o post-traballo.

## Concertos

Todos os concertos son de entrada gratuíta ata completar ocupación da sala agás que se indique o contrario.

Venres 8 de outubro, 18h. | Auditorio Martín Códax, Vigo

**NJANGI**

Sábado 14 de outubro, 20h. | MARCO, Vigo

**CORROSION RESISTANCE**

Domingo 22 de outubro, 20h. | Auditorio Martín Códax, Vigo

**IMPORT/ EXPORT**

Venres 27 de outubro, 20h. | Auditorio Martín Códax, Vigo

**PLURAL**

Domingo 29 de outubro, 19h. | Museo Centro Gaias Andar-1. Cidade da Cultura, Santiago de Compostela

**UN RISO PARA CHORAR\***

\*Entradas 5€, en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com)

Sábado 11 de novembro, 18h. | Auditorio Martín Códax, Vigo

**EXILIOS**

Domingo 12 de novembro, 13h | MARCO, Vigo

**LIMINARIS**

Domingo 19 de novembro, 13h | MARCO, Vigo

**ARCHON**

## En paralelo

Varias datas e espazos

### RESIDENCIAS

Data e espazo por determinar

### CARTOGRAFÍAS

Venres 21 de outubro, 17h | CSM, Vigo

### AUTORRETRATO SOBRE FONDO SONORO

Sábado 22 de outubro, 12h | CSM, Vigo

### IMPORT/ EXPORT

Mércores 25 de outubro, 16h | BBAA, Pontevedra

### O NEW OP-ERA PROJECT

Domingo 29 outubro, 13h | CIDADE DA CULTURA, Santiago de Compostela

### VERTIXE DIXITAL

Sábado 18 de novembro, 12h | MARCO, Vigo

### INTELIXENCIA ARTIFICIAL. PASADO PRESENTE E FUTURO

Concertos





---

Domingo 8 de Outubro, 18h | Auditorio Martín Códax, VIGO

## **NJANGI** *Antesala dos World Music Days 2023*

No marco de reflexións poscoloniais que entenden a práctica artística como un exercicio que constrúe a convivencia, Njangi, unha antiga forma de compartir recursos comunitarios despois da colleita, é un programa de estreas mundiais de compositores españois e africanos.

A través da música de Ahmed Essyad (Sale, Marrocos, 1938), Monthati Masebe (Johanesburgo, Sudáfrica, 1995), Ayo Oluranti (Ibadan, Nixeria, 1972), Daniel Roca (As Palmas de Gran Canaria, España, 1965) e Ramón Souto (Vigo, España, 1976), Njangi, aposta por comprender, negociar e promover novas formas de entendemento entre África e Europa. Aproximación, irmandamento, afondamento de lazos de acollida e mestura no limiar que precede ás nocións do que é occidental e do que non é occidental.

Encabeza o programa o vibrante dúo para trompeta e percusión *Tangle* de Lukas Ligeti (Viena, Austria, 1965), auténtico animador dunha iniciativa en cuxo corazón parece latexar a súa propia traxectoria artística e vital. Un concerto que tamén serve de homenaxe ao gran referente dos africanistas en España e Latinoamérica, e estreito colaborador de Casa África, o recentemente falecido Mbuyi Kabunda Badi. Membro fundador do Grupo de Estudos Africanos da UAM e inspirador de vocacións que seguen

espallando a semente do seu legado activista e investigador por todo o mundo, Mbuyi Kabunda Badi achégase a unha visión limpa e innovadora, chea de humanidade e entusiasmo por pensar o mundo desde unha comprensión lúcida, inclusiva e profundamente cálida, fundada nun firme compromiso público coa defensa da xustiza, a solidariedade e os Dereitos Humanos.

Njangi é unha idea do Festival Internacional de Música de Canarias en coprodución con ISCM Sudáfrica, o Festival Vertixe e os World Music Days 2023 Johannesburgo/Cidade do Cabo (Sudáfrica) que celebran, por primeira vez no continente africano, os 100 anos da Sociedade Internacional de Música Contemporánea (ISCM).

**LUKAS LIGETI** (Viena, Austria, 1965) *Tangle* para trompeta e percusión

**MONTHATI MASEBE** (Johannesburgo, Sudáfrica, 1995) *Alakanisa\** para ensemble e electrónica

**RAMÓN SOUTO** (Vigo, España, 1976) *Njangi\** para ensemble

**AHMED ESSYAD** (Sale, Marruecos, 1938) *Marthyah (1974/94)* para violín solo

**AYO OLURANTI** (Ibadan, Nigeria, 1972) *MandEve Lines & Patterns from the Motherland\** para ensemble.

**DANIEL ROCA** (Las Palmas de Gran Canaria, España, 1965) *Uguquko\** para ensemble

\* Prestrea mundial

Director: Mariano Chiacchiarini

VERTIXE SONORA Pilar Fontalba *óboe* | Pablo Coello *saxofón* | Sérgio Pacheco *trompeta* | Nuno Pinto *guitarra eléctrica* | Guilherme Lapa *baixo eléctrico* | Helena Sousa *acordeón* | David Durán, Haruna Takebe *piano sintetizadores* | Nuno Simões, Diego Ventoso *percusión* | Roberto Alonso *violín* | Alfonso Noriega *viola* | Sara Chordà *violonchelo* | Iván Ferrer-Orozco *medios electrónicos*



---

Sábado 14 Outubro, 20h | MARCO, VIGO

## **CORROSION RESISTANCE**

Sesión de hardcore sonoro e brutalidade ruidista. A corrosión é produto da acción dunha substancia sobre outra, é un proceso natural e espontáneo que tende a devolver os materiais á súa forma de maior estabilidade ou menor enerxía interna. A forma máis común de protexer un elemento da corrosión é aillando a súa superficie para que non entre en contacto con substancias que o poidan degradar.

**YANN ROBIN** *Art of Metal II* (2007) saxofón baixo, electrónica en vivo (2015)

**VÍCTOR IBARRA** *Insight\** (2023) saxofón barítono

**IVÁN FERRER-OROZCO** *Corrosion Resistance* (2018) saxofón baixo e jockey de medios electrónicos

\*Estrea absoluta

VERTIXE SONORA Pablo Coello *saxofóns baixo e barítono* | Iván Ferrer-Orozco *medios electrónicos*



Domingo 22 de Outubro, 18h | Auditorio Martín Códax, VIGO

## IMPORT/ EXPORT

Segunda parte do programa comisariado por Jorge Elizondo que nos achega experiencias multimedia da escena de vangarda austríaca. Catro estreas mundiais que poñen a énfase linguaxes que combinan os novos medios, a tecnoloxía, o teatro musical e as tradicións transdisciplinares (teatro musical, escultura, instalación sonora, arte multimedia e outros).

ALIREZA SHAHABOLMOLKFARD (Austria / Irán, 1991) Nova obra\*

KATHARINA ROTH (Austria / Alemaña, 1990), Nova obra\*

JORGE VILLOSLADA (España, 1997) Nova obra\*

TOBIAS LEIBETSEDER (Austria, 1973) Nova obra\*

ALEKSANDRA BAJDE (Austria / Eslovenia, 1987) Nova obra\*

\*Estrea mundial

VERTIXE SONORA Gustavo Castillo *barítono* | Carlos Cordeiro *clarinete* | Sara Chordà *violoncello* | Diego Ventoso *percusión* | David Durán *piano* | Pablo Coello *saxofón* | Nuno Pinto *guitarra eléctrica* | Iván Ferrer *medios electrónicos*



Venres 27 Outubro de Outubro, 20h | Auditorio Martín Códax, VIGO

## PLURAL

Fundado por Fabián Panisello (Bos Aires, 1963) hai xa máis de vinte anos, PluralEnsemble, ten configurado o son contemporáneo no noso país. Un percorrido impecable de promoción da música dos séculos XX e XXI e de creación de novas obras. Nesta ocasión presentará un programa coas recentes estreas mundiais para ensemble a cargo de **Carolina Cerezo** (Málaga, 1993), **Félix Ibarondo** (Oñate, 1943) e os recentes gañadores da *Convocatoria para Jóvenes Compositores Plural Ensemble* **Josué Blanco** (España, 1997) e **Aarón Esteve** (España, 1997). Completan o programa unha lembranza ao gran compositor salmantino **Tomás Bretón** (1850-1923), un dos principais compositores españois, con motivo do primeiro centenario da súa morte e un achegamento á música da compositora e directora grega **Konstantia Gourzi** (Atenas, Grecia, 1962),

JOSUÈ BLANCO (España, 1997) *Situación insostible\*\** para ensemble

TOMÁS BRETÓN *Catro pezas españolas*

CAROLINA CERESO (Málaga, 1993) *Bioluminescencias\*\** para ensemble

KONSTANTIA GOURZI (Atenas, Grecia, 1962) *ich fürcht' nicht\** para ensemble

FÉLIX IBARRONDO (Oñate, 1943) *Handikoak* \*\* para ensemble  
AARÓN ESTEVE (España, 1997) *Recorrenzia*\* para ensemble

*\*Obra gañadora Convocatoria para Xóvenes Compositores PluralEnsemble 2023*

*\*\*Estrea absoluta. Traballo por encargo para INAEM e PluralEnsemble*



Domingo 29 e Outubro | Museo Centro Gaias, Andar -1. Cidade da Cultura, Santiago de Compostela

## UN RISO PARA CHORAR

*\*Estrea en España*

Unha reflexión sobre o poder hexemónico de destrución da memoria e de devastación da Terra. Na fronteira entre o soño e a realidade, entre o visible e o invisible, entre a risa e o pranto, **Un riso para chorar** especula sobre o colapso da propia humanidade no contexto dun mundo globalizado. Con música e libreto multilingüe de Miguel Azguime, un teatro metafísico que pon no escenario arquetipos eternos para confrontar os grandes temas da existencia.

Un proxecto de A NEW OP-ERA project (unha nova era para opera) con Miso Music Portugal / Sond'Ar-te Electric Ensemble / Vertixe Sonora

UN RISO PARA CHORAR ópera multimedia.

Miguel Azguime música e libreto. Paula Azguime escenografía e creación de vídeo

EQUIPO ARTÍSTICO Pedro Neves *director* | Camila Mandillo *soprano* | Andrea Conangla *soprano* | André Henriques *baixo barítono* | Miguel Azguime *recitante* | Jade Mandillo *recitante*

EQUIPO TÉCNICO Paula Azguime *difusión sonora* | Andre Bartetzki *electrónica em tempo-real, direcção tecnológica* | Perseu Mandillo, *motion capture, VFX & 3D* | Margarida Moreira *desenho e operação de luz* | Sara Janic *figurinos e coordenação de cena* Miso Studio *técnica*

SOND'AR-TE ELECTRIC ENSEMBLE Sílvia Cancela *fruta* | Nuno Pinto: *clarinete* | Vítor Vieira *violín* | Jorge Alves *viola* | Luís André Ferreira *violoncello* | Elsa Silva *piano* | João Dias *percusión*


Encomenda do Warsaw Autumn Festival e da Ernst von Siemens Music Foundation

Apoios do Ministério da Cultura / Direcção Geral das Artes

Agradecimentos: Adalberto Alves, Susana Janic, Hiroyuki Saeki, Ylva Gruen, Saoud al-Tayari, Jakub Szczypa, João Cutileiro

Colabora: Vertixe Sonora





---

Sábado 11 de Novembro, 18h | Verbum, VIGO

## EXILIOS

Como orientarse no mundo que habitamos? O filósofo Pablo Jarauta pescudaba en Cardinais a propósito dun interrogante que pon en funcionamento a relación entre experiencia e forma, nun mundo atravesado por unha aceleración profunda do tempo, sen centro nin periferia, sen puntos fixos... Afirmaba que preguntarse hoxe polo concepto de «orientación» tamén implica recoñecerse nas actuais experiencias de desorientación, incerteza ou perplexidade, á procura de novas formas que permiten novas aproximacións e novas interaccións..., e, de fondo, unha reflexión sobor do exilio e a mobilidade.

SINA FALLAHZADEH (Teherán, Irán, 1981) *Nova obra\** (2023)

BARBLINA MEIERHANS (Saint Gall, Suiza, 1981) *Nova obra\** (2023)

\*Estrea absoluta

Intérpretes: Helena Sousa *acordeón* | Pablo Coello *saxofón* | Nuno Pinto *guitarra eléctrica* | Diego Ventoso *percusión* | David Durán *piano* | Iván Ferrer *medios electrónicos*



Domingo 12 de Novembro, 13h | MARCO, VIGO

## LIMINARIS

Edith Alonso propón un percorrido que cuestiona a nosa noción do tempo con música electrónica en directo e proxeccións de vídeo e láser.

Exploración dos primeiros momentos do universo a través de dúas obras *Momento 0.0* e *Nacer do Tempo*: máis aló dunha serie de reaccións químicas, cando tempo e materia se crearon ao unísono, quizais debeu pasar algo máxico que faga sentir a todos os seres vivos interconectados. Abundancia de duracións e texturas, variacións de densidade da materia, presión, velocidade e textura descritos pola física cuántica e a astrofísica desde que se crearon os primeiros átomos ás primeiras estrelas. Asombro ante o misterio da orixe da vida, instante no que a materia inorgánica converteuse en materia orgánica.

EDITH ALONSO *Momento 0.0*

EDITH ALONSO Compositora, improvisadora e artista sonora. Despois dunha estada en París, na que descubriu a música concreta da man de François Bayle e Pierre Henry, decidiu dedicarse a explorar novas formas de experimentar co son no entorno da música electroacústica e a arte radiofónica, colaborando regularmente con outros artistas e esvaendo os límites entre artes e as súas definicións. Interésalle a transformación física do son e como cambia a nosa percepción da realidade. Explora o son dun xeito innovador e cambiando con frecuencia o contexto (graves preparados, sintetizadores analóxicos e dixitais, portátiles, circuit-bending, acústicos, liveelectronic...).

ANTONY MAUBERT Estudou música no CCMIX (centro creado por Iannis Xenakis) e no Conservatorio Superior de Música de París. Foi profesor de composición electroacústica en o Conservatorio Superior de Niza (Francia) e responsable pedagóxico do centro de investigación desa cidade. Artista polifacético, improvisador, compositor, experimentador en diversos campos de son e vídeo, participa dende finais dos noventa en festivais clubs internacionais máis prestixiosos de Europa, Estados Unidos e América do Sur.



---

Domingo 19 de Novembro, 13h | MARCO, VIGO

### **ARCHON. Verbas do Demiurge**

Archon é unha interface de código aberto deseñada para Demiurge, ecosistema de rendemento xerativo impulsado pola aprendizaxe automática. Demiurge e Archon foron construídos coa crenza de que a música do futuro terá como punto de partida o post-traballo; suplantando os instrumentos pola transferencia de estilo, a xeración de bibliotecas de mostras e a proliferación de patróns; substituíndo o propio estudo por operacións de conformidade preparadas. As actividades musicais consistirán en accións comisariais de nivel superior a nivel de xénero ou estado de ánimo ou intensidade. Ao liberar a música dos músicos, un libera o seu futuro do nesgo antropocéntrico e acelera o seu impulso de morte. Demiurge, Hydra e Archon non chegan a lograr esta visión, pero están comprometidos coa súa realización.

*ARCHON. Verbas do Demiurge* para biblioteca de obxectos de improvisación libre, dispositivos analóxicos e medios electrónicos con soporte visual

VERTIXE SONORA Roberto Alonso *violín, multimedia* | Iván Ferrer-Orozco *medios electrónicos*

En paralelo

---

**Varias datas e espazos**

**RESIDENCIAS**

František Chaloupka (Checoslovaquia, 1981)  
Alireza Shahaboltolkfard (Austria / Irán, 1991)  
Jadwiga Frej (Austria / Irán, 1997)  
Jorge Villoslada (España, 1997)  
Aleksandra Bajde (Austria / Eslovenia, 1987)  
Miguel Azguime (Lisboa, 1960)

---

**Data e espazo por determinar**

**CARTOGRAFÍAS DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA**

Presentación do libro *Cartografías de la música contemporánea. Ensayo, crítica e interdisciplinariedad en los siglos XX Y XXI* (EdictOràlia Música, 2023) coa presenza dos autores **Paco Yáñez** e **Joan Gómez Alemany** e do editor e director da colección **EdictOràlia Música**, o músico e escritor valenciano **Josep Lluís Galiana**

---

**Venres 21 de outubro, 17h | CSM, Vigo**

**AUTORRETRATO SOBRE FONDO SONORO**

František Chaloupka fará un percorrido pola súa obra e explicará o seu novo proxecto con Vertixe.

---

**Sábado 22 de outubro, 12h | CSM, Vigo**

**IMPORT/ EXPORT**

Coloquio a propósito dos movementos de vangarda actuais en Austria. Participantes: Alireza Shahaboltolkfard (Austria / Irán, 1991), Jadwiga Frej (Austria / Irán, 1997), Jorge Villoslada (España, 1997), Tobias Leibetseder (Austria, 1973), Aleksandra Bajde (Austria / Eslovenia, 1987)

---

**Mércores 25 de outubro, 16h | BBAA, Pontevedra**

**O NEW OP-ERA PROJECT**

Presentación da entraña da ópera de Miguel Azguime (Lisboa, Portugal, 1960) *Un riso para chorar*

---

**Domingo 29 outubro, 13h | CIDADE DA CULTURA, Santiago de Compostela**

**VERTIXE DIXITAL**

Presentación do fondo de catálogo VERTIXE DIXITAL aloxado na web [www.vertixesonora.gal](http://www.vertixesonora.gal)

---


**Sábado 11 de novembro, 12h | MARCO, Vigo**

**INTELIXENCIA DIXITAL. PASADO PRESENTE E FUTURO**

O futuro da música substituirá (e está a substituír) os instrumentos e a instrumentalidade con verticalidades algorítmicas capaces de desprezar e recombinar a totalidade histórica literal do audio gravado segundo macrocategorías baseadas no afecto. Facer música terá que pasar dunha experiencia en tempo real a unha de xeración de audio baseada en avisos, xestión de resultados e operacións de refinamento preparadas e impulsadas pola conformidade. Roberto Alonso, creador do proxecto Archon e Demiurge, xunto a Marek Poliks explicará o pasado o presente e o futuro da IA en contornos musicais.

Créditos





## VERTIXE SONORA

Desde a súa presentación en 2011, Vertixe Sonora desenvolve unha intensa actividade en todo o territorio, con ciclos, residencias, festivais, xiras nacionais e internacionais... Aos máis de 200 concertos realizados explorando tódolos xéneros musicais e de artes sonoras, súmanse actividades divulgativas e formativas, documentais, películas, así como concertos en diálogo coas artes, coas diversas formas de coñecemento e coa tecnoloxía. Cada actividade desprende un marcado compromiso coa creación musical que fai que desde Galicia se xerasen, até o momento, 247 estreas absolutas de 197 compositores e compositoras procedentes de 45 países diferentes.

Vertixe Sonora promove unha programación diversificada que dinamiza o ecosistema musical europeo, favorecendo o intercambio e a cohesión a través da música do noso tempo. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras no CGAC, Do Audible (encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos), o Festival MIHLSonsXXI na cidade de Lugo, o Festival Internacional de Creación de Música Contemporánea Vertixe Sonora ou o ciclo Latexos son algunhas das contribucións que están a renovar os públicos musicais en Galicia. Vertixe Sonora é un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global e en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Premio Martín Códax 2016 de Música clásica contemporánea, está presente de xeito regular na Mostra Sonora de Sueca, Festival XXXVI Encontre Internacional de

Compositores en Mallorca, Ciclo BBVA de Música Contemporánea de Bilbao, Festival SON de Madrid, Festival SMASH de San Sebastián, Festival Bernaola de Vitoria, ensemble residente do Festival MIXTUR de Barcelona e nos XXVII Premio Novos Compositores Fundación SGAE\_CNDM 2016 no Auditorio 400 do Museo Nacional do Centro de Arte Reina Sofía.

O seu recoñecemento internacional permitiulle estar presente en festivais, ciclos de concertos ou ensembles residentes en Alemaña (Oldenburg, Bremen), Suecia (Estocolmo, Goteborg), Portugal (Lisboa, Oporto, Aveiro, A Garda, Castelo Branco), Francia (Brest), México (Monterrey, Guanajuato), Estados Unidos (Los Ángeles), Italia (Cesena, Bolonia), Suiza (Basilea).

O seu labor foi recollido nos documentais *Correspondencias Sonoras* (2013) de Manuel Do Río, *Son[UT]opías un encontro cultural entre Oriente e Occidente* (2014), de campUSCulturae proxecto financiado pola Culture Agency da Unión Europea, *A lira do deserto* (2020) de Manuel do Río, gravado no ano da conmemoración do 60 aniversario do nacemento do compositor galego Xavier X. Macías

Na súa discografía destaca a gravación do ciclo *Die Wanderung* da compositora Lula Romero para WERGO e os monográficos do compositor mexicano Víctor Ibarra *The dimension of fragile*, e do colombiano Camilo Méndez, *Peripheral Spaces*, ambos para NEOS.

Dende 2021 Vertixe Sonora é a Delegación Española da ISCM, International Society for Contemporary Music entidade organizadora dos World Music Days.

PROMOVE

vertixe  
sonora



Sociedad Internacional de Música Contemporánea

PATROCINA



*Vivimos nunha cidade fermosa*

COLABORA



prohelvetia

MARCO



CSMV  
CONSERVATORIO SUPERIOR  
DE MÚSICA DE VIGO

